



Nova edición das Jornadas Tecnolóxicas R para analizar cambios estruturais do noso mundo; esta vez, a compoñente humana na contorna da 'Intelixencia Artificial'

O ex ministro israelí Shlomo Ben Ami e a experta en IA Macarena Estévez falarán, nas Jornadas Tecnolóxicas R, do rol humano na era tecnolóxica

- ***“Aínda non se inventou a diplomacia para a era tecnolóxica: aí radica o perigo da guerra en contextos de Intelixencia Artificial”; o ex Ministro de Asuntos Exteriores de Israel, Shlomo Ben Ami desenvolverá esta e outras reflexións nas Jornadas Tecnolóxicas R a semana que vén.***
- ***A especialista en IA + Analítica de Datos e socia emérita de Deloitte, Macarena Estévez, deterase na importancia de anticiparse e visualizar respostas para liderar o ecosistema empresarial cara ao que nos diriximos.***
- ***O diplomático israelí e a tecnóloga participarán nunha mesa de traballo con representantes de R, Plexus e Gestamp para analizar o nivel de preparación das empresas actuais ante a revolución tecnolóxica que vivimos.***
- ***Este novo capítulo das Jornadas Tecnolóxicas R desenvolverase o vindeiro martes 13 de xuño na Finca Montesqueiro en Oleiros (A Coruña) para un auditorio de responsables de empresa e profesionais.***

Luns, 5 de xuño de 2023.- Unha nova edición das **Jornadas Tecnolóxicas R** -evento de referencia xa para as empresas galegas- celebrarase o martes 13 de xuño na Finca Montesqueiro, en Oleiros (A Coruña), onde se reunirán profesionais e altos responsables de empresas para escoitar as reflexións de expertos/as sobre os profundos cambios que o noso mundo experimentou nos últimos anos.

Baixo o título **“O reto de seguir liderando como humanos”** -lenda do cartel do evento, realizado con ferramentas de **IA**- ofrecerase unha visión especializada e completa que poida aproximar o auditorio ás claves definitorias da contorna tecnolóxica en que vivimos, claves que en gran medida marcarán tamén o devir do mundo de agora en diante, tras as profundas transformacións económicas e sociais dos últimos anos.

Especialmente dirixido a empresas galegas, o evento xirará arredor desta conxuntura singular onde as persoas somos **protagonistas e testemuñas da maior revolución tecnolóxica da Historia**. Temos ao alcance da man as novas tecnoloxías e as ferramentas máis avanzadas e, ademais, entramos nunha etapa de reflexión e análise para tomar decisións de maneira diferente a como o faciamos ata o momento.

Ben Ami e o protagonismo radical da guerra tecnolóxica

O diplomático, ex ministro de Asuntos Exteriores de Israel e historiador **Shlomo Ben Ami**, compartirá co auditorio a súa visión dos novos tempos, de *“saltos exponenciais, revolucionarios, que representan grandes promesas para a Humanidade e ao tempo grandes ameazas (...)* Segundo o diplomático israelí *“a guerra da Intelixencia artificial é particularmente perigosa pola simple razón de que non se inventou aínda a diplomacia para a era tecnolóxica”*.

“Desorde xeopolítica e cambios tecnolóxicos, como lle afectan ao panorama mundial?” é o título do relatorio de Shlomo, que repasa e interpreta o escenario xeopolítico global para describir como cambiou a carreira entre as grandes potencias coa perda da hexemonía estadounidense e a erosión da globalización. A crise financeira de 2008, os conflitos dos Estados Unidos en Oriente Próximo, a pandemia e a guerra de Ucraína marcaron este cambio de signo cara á multipolaridade e están a deixar unha pegada profunda tanto no balance de poder global como na economía.

Ben Ami detallará, así mesmo, como as guerras comercial e tecnolóxica entre Estados Unidos e China están a marcar a orde xeopolítica mundial, o económico e o propio destino da Humanidade. A diferenza co pasado recente está en que a carreira nuclear ofrecía seguridade e estabilidade, mesmo acordos de redución de armas. Mais non existe tal diplomacia na era tecnolóxica, por iso pode resultar, nestes momentos, máis perigosa, se cabe.

A importancia de visualizar o futuro

Ao longo do seu relatorio “*Máquinas amigas*”, **Macarena Estévez**, socia emérita en Deloitte e experta en IA e Analítica de Datos, explicará o seu concepto do futuro como “*misterio que nos depara sorpresas e preguntas: de que xeito o visualiza quen aínda non naceu? É importante mirar cara ao futuro cos ollos das xeracións vindeiras e descubrir como isto pode influír nas nosas decisións presentes. Estar ao día nas tendencias e poder anticiparse será unha das claves para liderar o novo ecosistema empresarial cara ao que nos diriximos*”.

Neste sentido, e ao fío das tendencias en IA e o seu impacto nas empresas, Macarena debullará de que maneira nos achegamos a unha ‘singularidade tecnolóxica’ nun mundo dixitalizado a gran velocidade. As empresas transfórmanse, adáptanse, e a Intelixencia Artificial emerxe como puntal para automatizar procesos.

Blockchain, 5G e revolución tecnolóxica

Alfredo Ramos, director de **R**, presentará o programa das Xornadas Tecnolóxicas **R** 2023, que se vai completar, por unha banda, co **caso de éxito da empresa Gestamp**, cuxo responsable de “industria intelixente” (*Virtual Factory*), Jorge Vázquez, exporá as peculiaridades da aplicación da tecnoloxía 5G na súa compañía e, por outro, coa charla do director de Distribución de **Plexus Tech**, Ramón Bueno, sobre “*Blockchain: disrupción e innovación ao servizo das persoas*”.

Finalmente, na mesa profesional “*A revolución tecnolóxica, está a túa empresa preparada?*” intervirán de novo Shlomo Ben Ami e Macarena Estévez xunto a José Penas, director comercial de **R** e outra vez Ramón Bueno e Jorge Vázquez. Poranse sobre a mesa cuestións como as posibles estratexias ante o contexto económico actual e as tensións xeopolíticas; tendencias tecnolóxicas emerxentes máis influentes e a súa repercusión no mercado; perspectivas e principais retos da IA a medio e longo prazo e ciberseguridade ou sostibilidade das empresas, entre outros temas de actualidade esenciais para comprender a contorna en que nos movemos e anticipar no posible como afrontar o futuro a nivel social, económico e tecnolóxico.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal